



A cidade de Ferrol é o centro da comarca costeira de Ferrolterra, en torno á ría de Ferrol, cunha poboación total que supera os 160.000 habitantes (dos que case a metade vive na cidade central) distribuídos en once concellos. Ferrol está situada na marxe setentrional da ría do seu nome.

Desde o século XVIII, a monarquía borbónica impulsou a industrialización da cidade, da man da creación dun arsenal no que se instalan estaleiros navais destinados á construción de buques militares. Polo tanto, o primeiro impulso ven da man da promoción política estatal. Nese intre, Ferrol e a súa comarca vivían por e para a Mariña.

Aproveitando os coñecementos dunha man de obra especializada na produción mecánica e na carpintería de ribeira, e a capacidade técnica dos enxeñeiros ligados ao arsenal militar, xurde Astano (1941). Esta empresa, instalada na marxe meridional da ría (Perlío-Fene), tentará satisfacer a demanda de pesqueiros na posguerra civil, mais a crise dos anos 1970 fíxolle recorrer á participación pública no seu capital.

A dependencia dos investimentos públicos é, sen embargo, continua. En 1947 constitúese a Empresa Nacional Bazán -pertencente ao INI (Instituto Nacional de Industria)-. Aínda que esta empresa tiña sobre todo encargos de buques militares para a Mariña, no contexto dos anos 1960-1970 empezou a construír buques civís destinados ao transporte de petróleo e outras mercadorías.

Así pois, un emprazamento ben protexido no interior dunha ría en embudo e o capital público son os factores principais do establecemento inicial da industria, se ben a abundancia de materia prima forestal (madeira para a construción dos primeiros buques) foi tamén un factor a ter en conta.

Ferrol é un exemplo de localización industrial concentrada, sometida nas últimas décadas a unha profunda desindustrialización. Desde finais da década de 1970, a crise afectou ao sector naval, e, como consecuencia, a redución de emprego en empresas como Astano foi moi importante (o que provocou un clima de crecente conflitividade social). A entrada na Unión Europea (1986) conleva a redución de empresas públicas e a subvención ás mesmas, nun contexto de globalización económica na que os NPI's (novos países industrializados) ofrecen competencia industrial cunha man de obra máis barata.

Ferrol convértese así nunha zona industrial en declive (ZID). A partir de 1983, diante do incremento do desemprego e do baleiramento demográfico da área, a administración pon en marcha una política de reconversión industrial e a creación das Zonas de Urxente Reindustrialización (ZUR), co intento de fomentar a diversificación do tecido produtivo e ampliar as expectativas de crecemento económico destas áreas deprimidas.

Ferrol responde ao modelo de complexo industrial, no que hai unha potente concentración de industrias nun espazo reducido, neste caso dependentes dun sector de base que precisou do investimento público para o seu sostenemento. Co tempo, téntase diversificar este complexo converténdoo tamén en complexo portuario (coa construción recente do porto exterior en Cabo Prioriño), no que a importación de carbón destinado ao consumo da central térmica de As Pontes é a actividade principal.

Hoxe en día, a dependencia de Navantia (empresa resultado da fusión de Bazán e Astano, que en tempos recentes ten ampliado o seu labor coa construción de plataformas petrolíferas) continúa a ser significativa no emprego total da comarca. Mais a carga de traballo é insuficiente para manter os postos de traballo -xa moi mermados con respecto aos anos de bonanza-. O emprego directo no sector naval pasou de case 13.000 traballadores en 1983 a apenas 2.300 en 2005. Novos sectores como o das enerxías alternativas -fabricación de pezas para aeroxeneradores e produción de biodiesel- tentan abrirse paso, sen producirse cambio algún con respecto á dependencia das industrias de base. Desde 2007, un elemento paisaxístico significativo é a implantación -en Mugar dos, na marxe meridional da ría- da planta regasificadora de Reganosa, que almacena gas licuado.

Outros elementos da paisaxe inclúen: o tecido urbano, desenvolvido cun crecemento importante a partir dos anos 1940; os polígonos industriais nas marxes setentrional e meridional da ría (en boa medida relacionados con actividades de transporte e distribución); un espazo rural, imbricado no contorno urbano, no que perviven hortas de autoconsumo e amplas áreas de explotación forestal; vías de comunicación que tentan facilitar as boas comunicacións con outros puntos do Golfo Ártabro e de Galicia, así como eliminar o illamento que foi causa, noutro tempo, de problemas de accesibilidade á cidade central.

Aínda que o contorno urbano permanece con espazos deteriorados e escasamente rehabilitados, os procesos contemporáneos permitiron abrir un pouco máis a cidade á ría, tradicionalmente oculta polo grande muro dos estaleiros Bazán.

Canto ás perspectivas de presente e futuro, a problemática da crise económica e a falta de carga de traballo no naval -xunto coa larvada dependencia que aínda ten a comarca respecto deste sector- auguran a continuidade de dificultades, aínda que os investimentos en I+D+i poden abrir novas expectativas.